

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE FACENDA

ORDE do 29 de xuño de 2015 pola que se aproban os coeficientes aplicables ao valor catastral para estimar o valor real de determinados bens inmobles urbanos para os efectos da liquidación dos feitos impositivos do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns, se establecen as regras para a súa aplicación e se publica a metodoloxía seguida para a súa obtención.

Os artigos 10 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, e 9 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, establecen que a base impositiva destes impostos estará constituída polo valor real dos bens e dereitos transmitidos.

A este respecto, o artigo 57.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sinala que «O valor das rendas, produtos, bens e demais elementos determinantes da obriga- ción tributaria poderá ser comprobado pola Administración tributaria mediante os seguintes medios», e sinala na súa letra b) como un deses medios a «Estimación por referencia aos valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal. Esta estimación por referencia poderá consistir na aplicación dos coeficientes multiplicadores que determine e publique a Administración tributaria competente, nos termos que se establezan regulamentariamente, aos valores que figuren no rexistro oficial de carácter fiscal que se tome como referencia para os efectos da valoración de cada tipo de bens. Tratándose de bens inmobles, o rexis- tro oficial de carácter fiscal que se tomará como referencia para os efectos de determinar os coeficientes multiplicadores para a valoración dos ditos bens será o Catastro inmobiliario».

Pola súa banda, o artigo 158.1 do Regulamento xeral de actuacións e os procede- mentos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, sinala que «A aplicación do medio de valoración consistente na estimación por re- ferencia aos valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal a que se refire o ar- tigo 57.1.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, exixirá que a metodoloxía técnica utilizada para o cálculo dos coeficientes multiplicadores, os coeficientes resultantes da devandita metodoloxía e o período de tempo de validez fosen obxecto de aprobación e publicación pola Administración tributaria que os vaia aplicar».



No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 27.dous do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, sinala, con respecto a este medio de valoración, que «Nas comprobacións de valor de inmobles polo medio establecido no artigo 57.1.b) da Lei 58/2003, xeral tributaria, a Administración tributaria poderá aplicar coeficientes multiplicadores que se aproben e publiquen mediante orde da consellería competente en materia de facenda aos valores contidos no Catastro inmobiliario».

De acordo coa normativa anteriormente citada e en desenvolvemento da habilitación legal sinalada, esta orde ten por obxecto:

1. Establecer os coeficientes para aplicar ao valor catastral de determinados bens urbanos para determinar o seu valor real para os efectos de fixar as bases impositivas no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e imposto sobre sucesións e doazóns. Este coeficiente multiplicador terá en conta o coeficiente de referencia ao mercado establecido na normativa reguladora do citado valor e a evolución do mercado inmobiliario desde o ano de aprobación do relatorio de valores.

2. Explicar a metodoloxía técnica utilizada para o cálculo dos ditos coeficientes multiplicadores.

3. Ofrecer a contribuíntes información con carácter previo á confección da súa autoliquidación dos valores para os efectos fiscais dos bens inmobles que, situados no territorio da súa competencia, vaian ser obxecto de adquisición ou transmisión. Os ditos valores vinculan a Administración no sentido sinalado polo artigo 134.1 do Regulamento xeral de actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, ao indicar que «A Administración tributaria poderá proceder á comprobación de valores de acordo cos medios previstos no artigo 57 desta lei, salvo que o obrigado tributario declarase utilizando os valores publicados pola propia Administración actuante en aplicación dalgún dos citados medios».

Esta comunidade autónoma viña utilizando con anterioridade, para a valoración de determinados bens inmobles urbanos e rústicos, o medio consistente en prezos medios de mercado a que alude o artigo 57.1.c) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Esta orde supón, por tanto, para os feitos impositivos devindicados a partir da súa entrada en vigor, un cambio de medio de valoración para eses bens urbanos, substituíndoo polo



de estimación por coeficientes sobre o valor catastral. Os demais bens urbanos que non entran no ámbito obxectivo desta orde poderán ser valorados por calquera dos medios establecidos no artigo 57.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, mentres que para os bens inmoables rústicos, dadas as súas características propias, seguirá sendo de aplicación o medio consistente en prezos medios de mercado.

A substitución do medio de valoración para determinados bens urbanos non só mantén os obxectivos que sinalaban as sucesivas ordes de prezos medios: mellora da seguridade xurídica establecendo un criterio de valoración obxectivo, común e homoxéneo en todo o territorio; información do valor real para os efectos fiscais do ben que vaia ser obxecto de adquisición ou transmisión; explicación con detalle do sistema de cálculo utilizado e vinculación á Administración tributaria co valor publicado, senón que coa referencia ao valor catastral, valor coñecido polos contribuíntes ao ser a base impositiva do imposto sobre bens inmoables, outórgalle máis simplicidade e unha acomodación directa do valor resultante ás circunstancias específicas do ben concreto que é obxecto de comprobación e que están intrinsecamente recollidas no cálculo do valor catastral, o que redundará nunha maior uniformidade de bases de cálculo. Pola súa banda, a Administración dispón dun medio de valoración que dota de máis axilidade e eficacia a tramitación dos expedientes, circunstancia que tamén redundará en beneficio do cidadán.

Este novo método permite unha maior singularización dos bens obxecto de comprobación, tal e como vén demandando a doutrina xurisprudencial. Esta individualización lógrase mediante a utilización dos valores catastrais que foron obxecto dun relatorio ao cal os contribuíntes tiveron acceso.

Nesta primeira metade do exercicio 2015 a incorporación paulatina ao mercado de oferta de pisos novos, procedentes da banca (sen estrear, aínda que xa con algún ano de vida física) e da promoción privada, así como o repuntamento das operacións de compravenda de vivenda usada, permiten afrontar un novo axuste á baixa na valoración deste tipo de inmoables dun 15 % de media.

A finais do presente ano analizaranse as circunstancias do mercado para adaptar, no seu caso, os coeficientes contidos nesta orde.

De conformidade coa competencia atribuída polo artigo 7 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e o artigo 27.un do texto refundido das disposicións legais da Comunidade



Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto aprobar os coeficientes aplicables ao valor catastral para estimar, por referencia a el, o valor real de determinados bens inmobles de natureza urbana radicados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos da liquidación dos feitos impositivos do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns, que se devindiquen desde o día da súa entrada en vigor e establecer as regras para a aplicación dos citados coeficientes. Así mesmo, ten por obxecto publicar a metodoloxía empregada para a súa obtención.

Artigo 2. *Coeficientes*

Apróbanse, no anexo II da presente orde, os coeficientes aplicables ao valor catastral para estimar, por referencia a el, o valor real de determinados bens inmobles de natureza urbana radicados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Apróbase, no anexo I, a metodoloxía empregada para a obtención dos ditos coeficientes.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación obxectiva*

1. No ámbito do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns, esta orde aplicarase aos bens inmobles de natureza urbana situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Salvo en casos excepcionais debidamente xustificados, a comprobación de valor dos inmobles urbanos realizaraa a Administración tributaria utilizando o medio de estimación por referencia previsto na letra b) do número 1 do artigo 57 da Lei xeral tributaria, e estará condicionada á verificación de que a referencia catastral corresponde ao ben inmovible obxecto de declaración.

Non obstante o anterior, este medio de valoración non será de aplicación aos bens inmobles en que as características catastrais, consideradas ao determinar o valor catastral, non se correspondan, na data de devindicación, coas características físicas, económicas e legais reais do inmovible para valorar, circunstancia que deberá acreditar o contribuínte.



3. Quedan excluídos do ámbito obxectivo desta orde os seguintes bens inmobles de natureza urbana:

– Solos urbanos ou urbanizables sen edificar cando as condicións urbanísticas relativas a aproveitamentos e cesións estean xa establecidas nos correspondentes plans urbanísticos.

– Edificios enteiros.

– Inmobles que poidan ser demolidos para crear un soar.

– Edificios nos cales o plan urbanístico permita máis alturas (edificabilidade) das que ten o edificio actualmente.

– Inmobles que inclúan un uso residencial non privado (hoteis, residencias, etc.).

– Inmobles que inclúan usos distintos a vivenda, trasteiro, garaxe, oficina ou local comercial (instalacións deportivas, para espectáculos, lecer, sanidade, beneficencia, culturais, relixiosos, estacións de servizo, etc.).

– Vivendas cunha superficie que supere os 200 m² útiles.

– Vivendas de protección autonómica nas cales os valores contidos nesta orde só serán operativos de estar por baixo do prezo máximo en venda fixado administrativamente.

– Locais comerciais interiores, en esquina, en galerías comerciais, con forma irregular ou circunstancias similares.

– Locais comerciais cunha superficie que supere os 400 m² útiles.

– Naves para uso comercial (concesionarios de coches, supermercados, etc.).

– Naves que inclúan outro uso distinto a industrial, agrícola, almacén, oficina, vivenda ou garaxe.

– Naves sobre parcelas de máis de 5.000 m².

– Casas con máis de dúas plantas, entendendo como tales as que excedan o estándar unifamiliar composto por soto, planta baixa, piso e faiado.



– Casas en que o plan urbanístico permita máis alturas (edificabilidade) das que ten a casa actualmente.

– Casas sobre parcelas de máis de 3.000 m².

– Casas en construción ou inacabadas.

– Casas ou chalés de máis de 200 m² útiles por planta.

– Edificacións singulares de carácter histórico ou artístico.

4. Tratándose de bens inmobles aos cales non sexa de aplicación este medio de valoración de acordo co previsto nesta orde, a Administración procederá a efectuar a comprobación do seu valor por algún do resto dos medios de comprobación de valores regulados no artigo 57.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 4. *Regras para a aplicación dos coeficientes e efectos*

1. A comprobación do valor realizarase aplicando os coeficientes aprobados ao valor catastral actualizado na data de devindicación do imposto.

2. Cando o prezo ou contraprestación pactada ou o valor declarado polo contribuínte sexan iguais ou superiores ao valor estimado en aplicación dos coeficientes aprobados, prevalecerá o maior e non se procederá á comprobación de valores.

3. A Administración tributaria non poderá proceder á comprobación de valor por outro medio cando o obrigado tributario declarase o valor resultante dos coeficientes recollidos na presente orde. Con todo, poderá comprobar a correcta aplicación dos coeficientes, a veracidade e exactitude do prezo ou contraprestación pactada, así como a correspondencia das características catastrais consideradas ao determinar o valor catastral na data de devindicación, coas características físicas, económicas e legais reais do inmoble para valorar.

4. No caso de que para un único ben rexistral ou unidade física ou xurídica coexistan varias referencias catastrais, o valor real do conxunto obterase sumando os valores correspondentes a cada referencia catastral, segundo o medio de valoración que lle corresponda en función da súa natureza. A superficie total do ben que se pretende valorar corresponderase coa suma das superficies catastradas das distintas referencias. Se formando parte do conxunto existe unha parcela rústica, entenderase que o seu acceso será o mesmo que dispoña o conxunto da leira.



Artigo 5. Información sobre o valor dos inmobles que vaian ser obxecto de adquisición

1. Para os efectos establecidos no artigo 34.1.n) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, os interesados en coñecer o valor que a Administración tributaria asigna aos bens inmobles de natureza urbana obxecto de adquisición ou transmisión poderán calcular o dito valor na forma establecida na presente orde para os bens obxecto dela.

2. Os valores así obtidos poderán consignarse nas autoliquidacións tributarias do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns, sen prexuízo do disposto nos números 2 e 3 do artigo anterior e no número 3 do artigo 3.

Artigo 6. Valoración de inmobles situados no territorio doutra comunidade autónoma

De conformidade co previsto no artigo 27.1 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, para a estimación do valor real dos bens inmobles de natureza urbana radicados no territorio doutra Comunidade Autónoma, poderá aplicarse a metodoloxía técnica utilizada para o cálculo dos coeficientes multiplicadores e os coeficientes resultantes da dita metodoloxía aprobados e publicados pola comunidade autónoma en cuxo territorio radiquen os bens.

Disposición adicional única

1. A Orde do 29 de decembro de 2014 pola que se desenvolve o medio de comprobación de valores de prezos medios de mercado aplicable a determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia, e se aproban os prezos medios no mercado aplicables no exercicio 2015, será aplicable aos feitos impositivos do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns que se devindiquen desde o día da súa entrada en vigor ata o día de entrada en vigor da presente orde, na parte que se refire aos bens inmobles de natureza urbana. Para os bens inmobles de natureza rústica a orde de prezos medios manterá a súa vixencia durante todo o exercicio 2015.

2. Para os efectos do establecido no primeiro punto do artigo 27.catro do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, nas comprobacións



de valor de inmobles polo medio consistente en ditame de perito da Administración, e para os efectos de expresar a procedencia e o modo de determinación do módulo unitario básico empregado e dos correspondentes coeficientes, o perito poderá tomar como referencia, se decidise optar por métodos analíticos de valoración e para os efectos de motivación, os módulos unitarios básicos e os coeficientes contidos nas táboas que figuran como anexos da Orde do 29 de decembro de 2014, aínda cando o tipo de ben que se vaia valorar estea expresamente excluído do seu ámbito obxectivo. Para estes efectos, os ditos módulos unitarios básicos e coeficientes manterán a súa vixencia durante todo o exercicio 2015.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Habílitase a Dirección da Axencia Tributaria de Galicia para actualizar anualmente, mediante resolución, os coeficientes aplicables ao valor catastral, utilizando a metodoloxía aprobada na presente orde, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, así como para realizar cantas actuacións sexan necesarias en execución do disposto na presente orde, no ámbito da súa competencia.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e aplicarase aos feitos impositivos do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns que se devindiquen desde o día de entrada en vigor.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2015

Valeriano Martínez García
Conselleiro de Facenda

ANEXO I

Metodoloxía empregada para a obtención dos coeficientes multiplicadores sobre o valor catastral

Para a obtención dos coeficientes multiplicadores do valor catastral implementouse unha análise comparativa dos valores catastrais vixentes en cada concello, procedentes dos valores establecidos na data de cada relatorio (documento catastral que recolle o procedemento de valoración colectiva, os valores zonificados do solo, os valores de construción aplicables e os distintos coeficientes actuantes), que produce efectos normalmente no exercicio seguinte ao da súa aprobación.



Estes valores prefixados para unha duración máxima estimada de 10 anos, que inclúen un coeficiente de «referencia ao mercado» (RM) de 0,5 (a partir da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 14 de outubro de 1998, sobre a aprobación do módulo de valor M e do coeficiente RM e sobre modificación de relatorios de valores) e actualizables anualmente mediante un índice de referencia (vía leis de orzamentos ou a través dun coeficiente establecido para o efecto), puxéronse en relación contraditoria directa cos valores de mercado do momento presente, tras unha serie de axustes á baixa nos prezos inmobiliarios nos últimos anos.

Para utilizar como referente a información sobre o mercado máis actualizada, estúdanse os valores declarados polos contribuíntes nas transmisións de inmobles de 2015, así como os valores que figuran nas bases de datos consolidadas utilizadas na fixación de prezos medios de mercado para a xestión dos impostos cedidos, xa operativos durante o primeiro semestre do ano en curso, que foran xa resultado dun pormenorizado estudo contrastante co propio mercado en cada centro urbano, barrio e rúa no momento da súa aprobación, así como un estudo analítico das distintas ofertas anunciadas nos medios de público acceso e os estudos de mercado máis recentes dispoñibles para a comparación obtidos de varias empresas especializadas con implantación en todo o territorio desta comunidade autónoma; do proceso resulta un valor comparativo que poida ser utilizado na hipótese de contraste.

a) Metodoloxía xeral.

O procedemento sinalado supón a realización dos procesos de cálculo seguintes:

1. Sinalar unha serie de bens que sirvan de testemuños e cuxas referencias catastrais son coñecidas.

2. Cálculo do valor medio de mercado mediante a aplicación do método comparativo antes referido aos casos concretos seleccionados. Obtención da relación destes valores así obtidos cos valores catastrais vixentes.

3. Cálculo do coeficiente xeral de relación do valor real obtido co valor catastral para un concello, como unha media ponderada dos coeficientes obtidos no paso anterior correspondentes a bens que radican nese concello.

b) Cálculo do coeficiente multiplicador do valor catastral.



O coeficiente multiplicador do valor catastral (CMVC) obtense como cociente entre o valor medio de mercado VMM e o valor catastral VC correspondentes ao exercicio de devindicación:

$$\text{CMVC} = \text{VMM} / \text{VC}$$

Onde:

- CMVC: coeficiente polo que se debe multiplicar o valor catastral actualizado (correspondente ao exercicio de devindicación) para obter o valor real do ben inmueble.
- VMM: valor medio de mercado.
- VC: valor catastral correspondente ao exercicio de devindicación.

Para aqueles concellos que polo reducido tamaño das súas áreas urbanas, máis asimilables a núcleos rurais que a núcleos propiamente ditos, non puideron ser obxecto dunha análise en profundidade a nivel zonal, fixarase o seu coeficiente multiplicador do valor catastral (CMVC) mediante métodos estatísticos de regresión, tendo en conta aquelas variables que resulten máis significativas na relación entre valores catastrais e valores reais, como a data de redacción do relatorio correspondente, variables poboacionais e datos de renda dispoñible.

ANEXO II

Código concello	Concello	Ano relatorio	Coeficiente sobre valor catastral
27001	Abadín	1988	1,9
15001	Abegondo	2003	1,2
36020	Agolada	1987	2
27002	Alfoz	1987	2
32001	Allariz	1999	1,8
15002	Ames	2004	1,3
32002	Amoeiro	2009	1,2
27003	Antas de Ulla	1988	1,9
15003	Aranga	2014	1,5
36001	Arbo	2007	1,1
15004	Ares	2006	1,9



Código concello	Concello	Ano relatorio	Coefficiente sobre valor catastral
32003	Arnoia, A	1989	1,8
15005	Arteixo	2007	1,1
15006	Arzúa	2012	1,1
32004	Avión	1989	1,8
36003	Baiona	1997	3
27004	Baleira	1993	1,7
32005	Baltar	1989	1,8
32006	Bande	1989	1,8
15007	Baña, A	2005	1,1
32007	Baños de Molgas	1985	2
27901	Baralla	1989	1,8
32008	Barbadás	2007	1
32009	Barco de Valdeorras, O	1995	1,6
27005	Barreiros	2000	1,8
36002	Barro	2012	1,3
32010	Beade	1989	1,6
32011	Beariz	1989	1,8
27006	Becerreá	1989	2,2
27007	Begonte	1989	1,8
15008	Bergondo	2013	1,4
15009	Betanzos	2007	1,1
32012	Blancos, Os	1989	1,8
32013	Boborás	1989	1,8
15010	Boimorto	2013	1,4
15011	Boiro	2007	1
32014	Bola, A	1989	1,8
32015	Bolo, O	1984	2
15012	Boqueixón	2001	1,8
27008	Bóveda	1988	1,9
15013	Brión	2005	1,1
36004	Bueu	1995	2
27902	Burela	2006	1
15014	Cabana de Bergantiños	2006	1,1



Código concello	Concello	Ano relatorio	Coefficiente sobre valor catastral
15015	Cabanas	2008	2,3
36005	Caldas de Reis	2000	1,9
32016	Calvos de Randín	1989	1,8
15016	Camariñas	1993	1,6
36006	Cambados	1997	2,7
15017	Cambre	2014	1,5
36007	Campo Lameiro	2006	1,1
36008	Cangas	1986	2,7
36009	Cañiza, A	2007	1,2
15018	Capela, A	2008	1,2
32018	Carballeda de Avia	1989	1,8
32017	Carballeda de Valdeorras	1997	1,7
27009	Carballedo	1988	1,9
32019	Carballiño, O	1989	1,4
15019	Carballo	2008	1
15901	Cariño	2004	1,2
15020	Carnota	2010	1,8
15021	Carral	1993	2,5
32020	Cartelle	1989	1,8
32022	Castrelo de Miño	1989	1,8
32021	Castrelo do Val	2012	1,3
32023	Castro Caldelas	1995	1,1
27010	Castro de Rei	1989	1,8
27011	Castroverde	2009	1,2
36010	Catoira	2003	1
15022	Cedeira	2013	1,1
15023	Cee	2004	1,3
32024	Celanova	2001	1,6
32025	Cenlle	2013	1,4
15024	Cerceda	2004	1,8
36011	Cerdedo	1988	1,9
15025	Cerdido	2008	1,2
27012	Cervantes	1989	1,8



Código concello	Concello	Ano relatorio	Coefficiente sobre valor catastral
27013	Cervo	1987	2,5
32029	Chandrexa de Queixa	1985	2
27016	Chantada	1988	1,2
15027	Coirós	2005	1,1
32026	Coles	2006	1,1
15028	Corcubión	1993	2,3
27014	Corgo, O	1993	1,7
15029	Coristanco	2004	1,1
32027	Cortegada	2014	1,5
15030	Coruña, A	1996	2
27015	Cospeito	1989	1,8
36012	Cotobade	2013	1,4
36013	Covelo	2006	1,1
36014	Crecente	1988	1,9
32028	Cualedro	1989	1,8
15031	Culleredo	1993	2,3
36015	Cuntis	1986	1,9
15032	Curtis	2014	1,6
15033	Dodro	2013	1,4
36016	Dozón	1987	2
15034	Dumbría	1993	1,7
32030	Entrimo	1989	1,8
32031	Esgos	1985	2
36017	Estrada, A	1996	1,5
15035	Fene	2004	1,2
15036	Ferrol	2003	1,2
15037	Fisterra	2001	1,7
27017	Folgoso do Courel	1988	1,9
27018	Fonsagrada, A	1989	2,1
36018	Forcarei	2008	1,2
36019	Fornelos de Montes	2010	1,2
27019	Foz	1987	2,3
15038	Frades	1993	1,7



Código concello	Concello	Ano relatorio	Coefficiente sobre valor catastral
27020	Friol	1993	1,7
32033	Gomesende	1989	1,8
36021	Gondomar	1999	1,8
36022	Grove, O	1997	2,9
36023	Guarda, A	1987	2,2
32034	Gudiña, A	1997	1,7
27022	Guitiriz	1993	1,9
27023	Guntín	1988	1,9
36901	Illa de Arousa, A	2004	1,6
27024	Incio, O	2010	1,2
32035	Irixo, O	1989	1,8
15039	Irixoa	1995	1,7
36024	Lalín	2003	1,2
36025	Lama, A	2014	1,5
27026	Láncara	1993	1,7
15041	Laracha, A	2005	1,2
32038	Larouco	1997	1,7
15040	Laxe	1989	2,3
32039	Laza	2013	1,4
32040	Leiro	2007	1,1
32041	Lobeira	1989	1,8
32042	Lobios	1989	1,8
27027	Lourenzá	2006	1
15042	Lousame	2008	1,2
27028	Lugo	1997	2
32043	Maceda	1985	1,1
15043	Malpica de Bergantiños	2000	2,3
32044	Manzaneda	2006	1,1
15044	Mañón	1989	1,8
36026	Marín	1986	2,4
32045	Maside	1989	1,8
15045	Mazaricos	1993	1,7
36027	Meaño	2005	1,3



Código concello	Concello	Ano relatorio	Coefficiente sobre valor catastral
27029	Meira	1989	1,9
36028	Meis	2008	1,2
15046	Melide	1993	1,1
32046	Melón	2011	1,2
32047	Merca, A	1989	1,8
15047	Mesía	2014	1,5
32048	Mezquita, A	2004	1,1
15048	Miño	2003	1,2
36029	Moaña	2007	1
15049	Moeche	2013	1,4
36030	Mondariz	1995	1,5
36031	Mondariz-Balneario	1995	1,4
27030	Mondoñedo	2005	1
15050	Monfero	1995	1,7
27031	Monforte de Lemos	1995	1,2
32049	Montederramo	1997	1,7
32050	Monterrei	1989	1,8
27032	Monterroso	1988	1
36032	Moraña	2004	1
36033	Mos	1988	2,9
15051	Mugardos	2001	1,4
32051	Muíños	1989	1,8
27033	Muras	1995	1,7
15053	Muros	2013	1,9
15052	Muxía	2013	1,2
15054	Narón	2008	1,2
27034	Navia de Suarna	1989	1,8
15055	Neda	1993	1,7
15056	Negreira	2004	1,2
27035	Negueira de Muñiz	1989	1,8
36034	Neves, As	1988	1,7
36035	Nigrán	1993	1,9
27037	Nogais, As	1989	1,8



Código concello	Concello	Ano relatorio	Coefficiente sobre valor catastral
32052	Nogueira de Ramuín	1985	2
15057	Noia	2009	1,2
36036	Oia	2006	1,1
32053	Oímbra	1989	1,8
15058	Oleiros	1997	2
15059	Ordes	2013	1,8
15060	Oroso	2007	1
15061	Ortigueira	1995	1,4
32054	Ourense	2005	1
27038	Ouro	1985	2
27039	Outeiro de Rei	1993	1,7
15062	Outes	1993	1,1
15902	Oza-Cesuras	2005/2006	1,1
15064	Paderne	1995	1,7
32055	Paderne de Allariz	1985	2
32056	Padrenda	1989	1,8
15065	Padrón	2006	1
27040	Palas de Rei	1988	1,1
27041	Pantón	1988	1,9
32057	Parada de Sil	1997	1,7
27042	Paradela	2003	1,2
27043	Páramo, O	2003	1,2
27044	Pastoriza, A	1989	1,8
36037	Pazos de Borbén	2007	1,1
27045	Pedrafita do Cebreiro	1988	1,9
32058	Pereiro de Aguiar	1984	2
32059	Peroxa, A	1989	1,8
32060	Petín	2006	1,1
15066	Pino, O	2006	1,2
32061	Piñor	1989	1,8
32063	Pobra de Trives, A	1997	1,8
27047	Pobra do Brollón, A	1988	1,9
15067	Pobra do Caramiñal, A	2011	1



Código concello	Concello	Ano relatorio	Coefficiente sobre valor catastral
36041	Poio	2002	1,6
27046	Pol	1989	1,8
36043	Ponte Caldelas	2007	1,4
36042	Ponteareas	2009	1,2
15068	Ponteceso	2006	1
36044	Pontecesures	2002	1
15069	Pontedeume	1989	2
32064	Pontedeiva	1989	1,8
27048	Pontenova, A	1989	1,3
15070	Pontes de García Rodríguez, As	2002	1,2
36038	Pontevedra	2000	2
32062	Porqueira	1989	1,8
36039	Porriño, O	1985	2
36040	Portas	2013	1,4
15071	Porto do Son	2014	1,5
27049	Portomarín	2006	1,1
32065	Punxín	1989	1,8
32066	Quintela de Leirado	1989	1,8
27050	Quiroga	2006	1
27056	Rábade	2010	1,3
32067	Rairiz de Veiga	1989	1,8
32068	Ramirás	1989	1,8
36045	Redondela	2005	1,1
15072	Rianxo	2012	1,2
32069	Ribadavia	1989	2,1
27051	Ribadeo	1988	2,7
36046	Ribadumia	2003	1,5
27052	Ribas de Sil	2006	1,1
15073	Ribeira	2006	1,1
27053	Ribeira de Piquín	1989	1,8
32071	Riós	1989	1,8
27054	Riotorto	1989	1,8
36047	Rodeiro	1987	2



Código concello	Concello	Ano relatorio	Coefficiente sobre valor catastral
15074	Rois	2006	1,1
36048	Rosal, O	2003	1,3
32072	Rúa, A	1997	1,2
32073	Rubiá	2003	1,2
15075	Sada	1993	1,7
36049	Salceda de Caselas	1987	2,3
36050	Salvaterra de Miño	2013	1,1
27055	Samos	1988	1,9
32074	San Amaro	1989	1,8
32075	San Cibrao das Viñas	2008	1,1
32076	San Cristovo de Cea	1989	1,8
15076	San Sadurniño	1995	1,7
32070	San Xoán de Río	2003	1,2
32077	Sandiás	2010	1,2
15077	Santa Comba	2004	1
15078	Santiago de Compostela	2009	1,2
15079	Santiso	1995	1,7
36051	Sanxenxo	2014	1,4
32078	Sarreus	1989	1,8
27057	Sarria	1985	1,8
27058	Saviñao, O	2003	1,1
36052	Silleda	1988	1,7
27059	Sober	1988	1,9
15080	Sobrado	2013	1,4
15081	Somozas, As	2008	1,2
36053	Soutomaior	1988	3,1
27060	Taboada	2000	1,5
32079	Taboadela	1989	1,8
32080	Teixeira, A	2007	1,1
15082	Teo	1993	1,2
32081	Toén	1984	2
36054	Tomíño	2008	1,6
15083	Toques	2010	1,2



Código concello	Concello	Ano relatorio	Coefficiente sobre valor catastral
15084	Tordoia	1993	1,7
15085	Touro	2013	1,4
27061	Trabada	1988	1,9
32082	Trasmiras	1989	1,8
15086	Trazo	2006	1,1
27062	Triacastela	1988	1,9
36055	Tui	1995	1,9
15088	Val do Dubra	2001	1,4
27063	Valadouro, O	2004	1,6
15087	Valdoviño	1993	1,9
36056	Valga	2012	1,3
15089	Vedra	2010	1,2
32083	Veiga, A	1989	1,8
32084	Verea	1989	1,8
32085	Verín	1989	1,8
32086	Viana do Bolo	1989	2,3
27064	Vicedo, O	2005	1,1
36057	Vigo	1989	3
36059	Vila de Cruces	2001	1
36058	Vilaboa	1988	1,9
36060	Vilagarcía de Arousa	2013	2
27065	Vilalba	1989	2,1
32087	Vilamarín	1989	1,8
32088	Vilamartín de Valdeorras	1997	1,7
36061	Vilanova de Arousa	1995	1,4
32089	Vilar de Barrio	1989	1,8
32090	Vilar de Santos	2007	1,1
32091	Vilardevós	1989	1,8
32092	Vilariño de Conso	2004	1,1
15091	Vilarmaior	2008	1,2
15090	Vilasantar	2005	1,1
15092	Vimianzo	1993	1
27066	Viveiro	1995	2



Código concello	Concello	Ano relatorio	Coefficiente sobre valor catastral
27021	Xermade	2005	1,1
32032	Xinzo de Limia	2006	1,1
27025	Xove	1987	2
32036	Xunqueira de Ambía	1989	1,8
32037	Xunqueira de Espadanedo	1985	2
15093	Zas	2013	1

